

OBSERVACIÓN DE CÉLULAS VEXETAIS (PARÉNQUIMA DE TOMATE)

MATERIAL NECESARIO

Material de traballo	Material de estudo
Microscopio Porta – obxectos Agulla enmangada Cubeta	Un tomate

FUNDAMENTO

Realizarase a preparación e observación dun tecido parenquimático vexetal poñendo en práctica o método científico.

PREPARACIÓN

- Técnica da preparación. Cortar un tomate pola metade e coa punta da agulla enmangada tomar un pequeno anaco da zona carnosa por debaixo da pel. A continuación colócao encima do porta – obxectos e sitúa o cubre – obxectos sobre a mostra, facendo unha pequena presión coa xema do dedo.
- Observación ao microscopio. Empregaranse primeiro os aumentos débiles co fin de centrar a preparación e determinar a zona de estudo. Cambiar progresivamente a aumentos máis fortes. As células do tomate aparecen definidas como pequenos sacos nos que se distinguen facilmente o núcleo e dentro do citoplasma os cromoplastos que dan a cor ao tomate.

ACTIVIDADES

A) Que forma teñen as células observadas?

B) A que aumentos fixeches as observacións?

C) Son iguais todas as células que observas?

D) Debuxa os campos observados a dous aumentos distintos do microscopio

